Concello do Porriño

Concello do Porriño
TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPAL
DOCUMENTO:
Data inicial de exposición: 28/2/17
Data final de exposición: 02/05/17
O Porriño, a de de

**RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE INADMISIÓN DO RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. EDUARDO REJO PORTELA CONTRA RESOLUCIÓN DA ALCALDESA DO PORRIÑO, DE 20 DE DECEMBRO DE 2016, POLA QUE SE APROBA A OEP/2016.**

**Asunto**: Recurso de reposición.

**Expediente:** Relativo á Oferta de Emprego Público do Concello do Porriño corresponderte ao exercicio 2016 (OEP/2016).

**Departamento de**: Secretaría. Sección de Persoal.

## DECRETO

Visto o escrito de data 12-1-2017 (R.E. nº 494/20-1-2017), formulado por D. Eduardo Rejo Portela, na condición, que manifesta ter, de "*Presidente de la Unión Provincial de la Central Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F), con domicilio a efectos de notificación en C/ Marques de Riestra nº 18, Entreplanta-36001 PONTEVEDRA, Tlf. 986 896 900 - Fax 986 896 901 Móvil 671 035 612 e-mail:pontevedra@csi-f.es-local36@csi-f.es*", di e solicita o seguinte:

*"DICE:*
*1º.- Que con fecha 29 de diciembre de 2016 fue publicado no Diario Oficial de Galicia nº 248 el siguiente anuncio: "CONCELLO DO PORRIÑO. ANUNCIO de aprobación da oferta de emprego público correspondente ó exercicio. A* Alcaldesa-Presidenta deste Concello por resolución de data 20-12-2016 resolveu:
*Primeiro.- Aprobar a oferta de emprego público correspondente ó exercicio 2016 que comprenderá as prazas vacantes seguintes:*
*Prazas funcionarios de carreira por mobilidade:*

| Grupo | Subgrupo | Escala | Subescala | Nº vacantes | Denominación | Sistema |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C | C1 | Administración especial | Servicios especiais. Clase policía local | 1 | Oficial | Concurso |

*Segundo.- Publicar a anterior oferta de emprego público 2016 no DOGA.*
*2º Que por el presente escrito, y dentro del plazo de UN mes establecido al efecto, conforme a lo arts. 112, 115, 123, y 1247 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, interpongo RECURSO POTESTATRIVO DE REPOSICIÓN contra el citado acto por entender que el mismo no se ajusta a derecho, provocando indefensión, en base a los siguientes HECHOS Y FUDAMENTOS DE DERECHO."*
*(...)*
*Por lo expuesto, SOLICITO:*
*Que se tenga por presentado este escrito, se sirva admitirlo, y se tenga por interpuesto en tiempo y forma RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra la resolución de la Alcaldesa de O Porriño de 20 de diciembre de 2016, y previos los trámites legales, dicte resolución declarando que la misma es nula de pleno derecho y revoque la resolución recurrida. "*
*(...)*
*"OTROSÍ SOLICTO: que conforme al Art. 117 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se declare la SUSPENSIÓN DE LA EJECUCIÓN DEL ACTO IMPUGNADO dado que de la aplicación de la OEP 2016, genera INDEFENSIÓN a los trabajadores del Concello y a los ciudadanos en general."*
(...)

## ANTECEDENTES DE FEITO

1º. Este Concello por Decreto da Alcaldía de data 20 de decembro de 2016 resolveu:

*Primeiro.- Aprobar a oferta de emprego público correspondente ó exercicio 2016 que comprenderá as prazas vacantes seguintes:*

*Prazas funcionarios de carreira por mobilidade:*

| Grupo | Subgrupo | Escala | Subescala | Nº vacantes | Denominación | Sistema |
|---|---|---|---|---|---|---|
| C | C1 | Administración | Servicios especiais. Clase | 1 | Oficial | Concurso |

Concello do Porriño

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | *especial* | *policía local* | | | | |

*Segundo.- Publicar a anterior oferta de emprego público 2016 no DOGA.*

2º. A Citada resolución de alcaldía de data 20 de decembro de 2016 foi publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 248, de 29-12- 2016, no taboleiro de edictos e na páxina web www.porremprego.org do concello con data 15-2-2017.

3º. Contra a devandita resolución da alcaldía, con data Con data 27-1-2017, interpúxose o recurso de reposición anteriormente indicado.

4º. Con data 6-2-2017 (R.S. nº 439/2017), mediante fax practicouse ao recorrente o seguinte requirimento:

"REQUIRIMENTO PARA EMENDA DE DEFECTOS **NA ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN**

Mediante escrito de data 12-1-2017 (N/Rfa.: R.E. nº 494/20-1-2017), vostede, na condición que manifesta ter de "*Presidente de la Unión Provincial de la Central Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F), con domicilio a efectos de notificación en C/ Marques de Riestra nº 18, Entreplanta-36001 PONTEVEDRA, Tlf 986 896 900-fax 986 896 901, móvil 671 035 612 e-mail:pontevedra@csi-f.es-local36@csi-f.es*", di e solicita o seguinte:

*""DICE:*

*1º.- Que con fecha 29 de diciembre de 2016 se publica en el Diario Oficial de Galicia nº 248 el siguiente anuncio: "CONCELLO DO PORRIÑO. ANUNCIO de aprobación da oferta de emprego público correspondente ó exercicio 2016. A Alcaldesa Presidenta deste concello, mediante Resolución do 20 de decembro de 2016, resolveu:*

*Primeiro.- Aprobar a oferta de emprego público correspondente ó exercicio 2016 que comprenderá as prazas vacantes seguintes:*

*Prazas funcionarios de carreira por mobilidade:*

| *Grupo* | *Subgrupo* | *Escala* | *Subescala* | *Nº vacantes* | *Denominación* | *Sistema* |
|---|---|---|---|---|---|---|
| *C* | *C1* | *Administración especial* | *Servicios especiais. Clase policía local* | *1* | *Oficial* | *Concurso* |

*Segundo.- Publicar a anterior oferta de emprego público 2016 no DOGA."*

*2º.- Que por el presente escrito, y dentro del plazo de Un mes establecido al efecto, conforme a los arts 112, 115, 123, y 124 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, interpongo RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra el citado acto por entender que el mismo no se ajusta a derecho, provocando indefensión, en base a los siguientes HECHOS Y FUNDAMENTOS DE DERECHO*

*(...)*

*Por lo expuesto,*

*SOLICITO, que se tenga por presentado este escrito, se sirva admitirlo, y se tenga por interpuesto en tiempo y forma RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra la resolución de la Alcaldesa de O Porriño de 20 de diciembre de 2016, y, previos los trámites legales, dicte resolución declarando que la misma es nula de pleno derecho y revoque la resolución recurrida."*

*(...)*

*OTROSÍ SOLICTO: que conforme al Art. 117 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas, se declare la SUSPENSIÓN DE LA EJECUCIÓN DEL ACTO IMPUGANDO dado que de la aplicación de la OEP 2016, generan INDEFENSIÓN a los trabajadores del Concello y a los ciudadanos en general.*

(...)"

Como queira que o recurso interposto por vostede non é un acto de mero trámite, para os cales a representación se presume, se lle require para que, de conformidade con lo establecido en el artículo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, proceda a emendar a falta de acreditación da representación, por calquera medio válido en dereito, no prazo de dez días.

Poño mo seu coñecemento que, ata tanto se verifique a representación, por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna, non se terá por realizado o acto a que se refire este requirimento."

5º. Con data 17-2-2017, concedeuse ó trámite de audiencia aos demais interesados no procedemento, para que puideran alegar o que estimasen oportuno, sen que ata a data haxan feito uso da facultade concedida.

6º. Que en data 20-2-2017 rematou o prazo de 10 días concedido no referido requirimento para que o recorrente acreditase ter a representación para recorrer en reposición en representación da Central Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F), e ao día da data non consta no expediente que acreditase tal representación.

7º. Emitiuse o informe técnico oportuno con proposta de resolución.

Aos anteriores antecedentes de feitos son de aplicación os seguintes,

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

PRIMEIRO.- Convén analizar con carácter previo, por ser cuestión de orden formal de cuxa resolución de pende a procedencia do análise das cuestións de fondo formuladas, a relativa á admisibilidade do recurso de reposición interposto. A este respecto, importa advertir o seguinte:

O presente recurso administrativo de reposición interposto é inadmisible por non acreditar o recorrente ter outorgada a representación da Central Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F) para interpoñelo, ben con documento privado notarialmente lexitimado ben con apoderamiento *apud acta* que deixase constancia fidedigna da súa existencia tal como prescribe o artigo 5 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e por conseguinte non se pode ter por realizado o recurso de reposición por falta da preceptiva representación legal, conforme dispón o precepto anteriormente citado.

Cando o recorrente que incorre nun defecto procedimental non o emende, como ocorre no presente caso, se debe apreciar tal deficiencia coas consecuencias que procedan, incluso a inadmisibilidade, ao deber recaer sobre o recorrente as consecuencias dun vicio que ha podido e non ha querido ou sabido remediar.

En consecuencia do antedito procede ditar resolución administrativa de inadmisión do recurso de reposición interposto, sen entra no fondo do asunto, por falta de representación para recorrer en representación da Central Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F).

SENGUNDO.- Este órgano administrativo é competente para resolver o recurso de reposición interposto e, polo tanto, para adoptar a presente resolución, de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/1995, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Pública en harmonía co artigo 209 do Real Decreto 2.568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En consecuencia do antedito procede ditar resolución administrativa de inadmisión do recurso de reposición interposto, sen entra no fondo do asunto, por falta de representación para recorrer en representación da Central Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F).

Vistos os preceptos legais citados e demais de xeneral ou concordante aplicación, esta Alcaldía,

**RESOLVE**

1°. Declarar inadmisible o recurso potestativo de reposición interposto por D. Eduardo Rejo Portela, mediante o citado escrito R.E. nº 494/20-1-2017, sen entrar no fondo do asunto, por falta de representación para poder recorrer en representación da Central Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F).

2º. Notificar esta resolución ao recorrente e publicala no taboleiro de edictos e páxina web www.porremprego.org, do concello do Porriño.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ante a Xulgado do contencioso administrativo de Pontevedra, de acordo co previsto nos artigos 8 a 10 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo iso, sen prexuízo de que se poida exercitar, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

O manda e asina a Sra. Alcaldesa D. Eva García de la Torre, no Porriño a vinte e tres de febreiro de dous mil dezasete.

| | |
|---|---|
| A ALCALDESA | ANTE MIN<br>O SECRETARIO |
| EVA GARCÍA DE LA TORRE | EDUARDO PORTELA FERNÁNDEZ |